


Galicia na monarquía hispánica

3. Galicia na monarquía hispánica

- A monarquía hispánica trata de unificar os seus territorios
 - Isto déixase sentir na cultura galega
 - Malia todo, consegue manter algunhas das súas especificidades



Galicia dentro da monarquia hispanica.

3.1. Grandes reformas e novas institucións

- Na guerra civil castelá
 - Uns nobres apoian a Isabel: salienta o arcebispo Alonso de Fonseca
 - A maioría apoian a Xoana:
- Os RRCC propóñense a pacificación de Galicia: **“A castración e doma do antigo reino de Galicia”**
- A oposición da nobreza ao novo Estado ten como símbolo a
 - O Mariscal Pardo de Ceta, que morre decapitado en Mondoñedo en 1483
 - Pedro Madruga, que marcha ao exilio en Portugal
- Os RRCC crean novos cargos para afirmar a presenza permanente da monarquía en Galicia:
 - **Xustiza Maior do reino**: Fernando de Acuña en 1480
 - **Alcalde Maior**: García López de Chinchilla
- Crean novas institucións:
 - A **Capitanía Xeral**, para a gobernación civil e militar do país
 - A **Real Audiencia do Reino de Galicia**, con maxistrados de fóra para asegurar a fidelidade ao rei
 - A **Xunta do Reino de Galicia** (1528-1834)
 - Está integrada polos sete procuradores das cidades cabeceira de provincia
 - Pode facer peticións ao rei: salienta a petición para recuperar o voto en Cortes, acadado en 1623 a cambio de 100.000 ducados
 - É un instrumento de facto para defender os intereses da fidalguía, que monopoliza as procuradorías

- capital de provincia
- outras poboacións
- límite do reino
- - - límite de provincia

O C É A N O A T L Á N T I C O

Mar
Cantábrico



As sete
provincias do
Reino de Galicia.

E. 1 : 2 300 000
0 10 20 30 km

© I.C.L.



O escudo do reino de Galicia
ten sete cruces polas sete
cidades representadas na
Xunta do Reino.

3.2. As peculiaridades sociais e económicas (1)


- Como case toda Europa, **Galicia continuou a ser basicamente agraria e rural**
- Tiveron efectos demográficos e económicos beneficiosos en Galicia
 - A paz interior
 - As repercusións iniciais da expansión imperial da monarquía
- Durante o século XVI **a poboación galega medrou**
 - En 1591 hai uns 630.000 habitantes
 - Entre 1580 e 1630: retroceso
 - Entre 1630 e 1750 duplícase a poboación debido a
 - Introducción de novos cultivos na segunda metade do século XVII
 - A xeneralización desta e doutras melloras na agricultura durante a primeira parte do século XVIII
- **Prosperidade de artesáns e comerciantes nas cidades durante o século XVI**
 - Posibilidades do comercio con América, ata 1573, que se anulan por presións de Sevilla
 - Produción de madeira para a Armada real
 - Exportación de viño do Ribeiro, ata finais do século XVI
- **No século XVII prodúcese a decadencia dos sectores produtivos urbanos**, por mor de
 - A decadencia da monarquía
 - As graves crises monetarias
 - A contracción das exportacións

A pesca

- **No século XVI a actividade pesqueira acadou un grande desenvolvemento por**
 - A pesca de baleas
 - A exportación de peixe salgado, curado e en escabeche a Castela, Portugal, países do Mediterráneo e á Europa atlántica.
- En Pontevedra xurdiu o gremio de mareantes e en outras zonas apareceron
 - A dorna (embarcación característica das Rías Baixas)
 - Outras actividades como a recolección de argazo para fertilizante das terras ou a extracción do sal.
- Todo isto redundou na consolidación da actividade pesqueira e mariñeira.
- **Máis no século XVII principiou a decadencia:**
 - Afectou gravemente aos pescadores:
 - Os desastres navais (sobre todo o da Armada Invencible),
 - A perda de hexemonía de Castela
 - A longa guerra con Portugal
 - Os pobos mariñeiros sumíronse na miseria que os levou á alternancia coa agricultura.
 - Por todos lados se debían de ver esqueletos de barcos varados que verdeaban de algas ao sol na baixamar.

Cidade	Ano 1530	Ano 1594
Santiago	5 380	4 720
Ourense	5 290	2 500
Vigo	5 025	4 225
Tui	3 805	2 480
A Coruña	3 005	2 225
Betanzos	2 850	2 750

Poboación dalgunhas cidades galegas no século XVI.



Expedición ás illas Terceiras. O galeón, coa súa enorme quilla imprescindible para o almacenamento de provisións nas viaxes de longa duración, foi unha nave moi utilizada nas travesías oceánicas.

Estaleiros galegos do século XVII.

3.2. As peculiaridades sociais e económicas (2)

- **Crecemento cuantitativo da produción agraria** durante o século XVI
 - Mantén as técnicas e os tipos de cultivos tradicionais
 - Pero os fenómenos máis decisivos no mundo rural afectan a
 - Os modos de distribución do produto agrario
 - A conseguinte remodelación social
- Dunha banda, **o foro consolídase** coma o tipo de contrato principal
 - O foro é unha forma de cesión da terra a longo prazo a cambio do cal os grandes propietarios recibían das familias campesiñas renda fixa ou proporcional
 - É o principal elemento articulador da sociedade rural galega
 - Isto non impide a presenza importante dos arrendamentos e apazarías nalgunhas zonas
- Aparece asemade un **novo grupo social** entre os grandes dominios eclesiásticos e os campesiños foreiros: **a fidalguía intermediaria**
 - En efecto, moitos membros da baixa nobreza afóranlles aos mosteiros aldeas ou lugares enteiros
 - Logo subafóranos por partes a unha ou a varias familias campesiñas
 - A base principal da súa economía é a diferenza entre
 - A renda que obteñen dos campesiños
 - A que lles pagan aos titulares eclesiásticos do dominio

3.2. As peculiaridades sociais e económicas (3)

- As **grandes novidades sociais** respecto da época medieval foron
 - A **consolidación da fidalguía intermediaria**
 - A **decadencia da alta nobreza galega**
 - En parte afastada da terra para lle servir á monarquía
 - En parte desaparecida pola súa absorción matrimonial por outras grandes casas nobres de fóra de Galicia
- A sociedade galega fica estruturada en
 - Tres grupos maiores: clero, fidalguía e campesiñado
 - Grupos menores de carácter urbano: artesáns, comerciantes e profesionais
- Dende o punto de vista xurídico, a sociedade dividíase, como en case toda Europa, en **estamentos**
 - Dous gozaban de numerosos **privilexios: nobreza e clero**
 - Exención no pagamento de impostos
 - Foros especiais
 - Monopolio no acceso a determinados cargos políticos, militares e eclesiásticos
 - O **terceiro estamento** non gozaba desas vantaxes: a meirande parte da poboación, tanto urbana como rural

3.2. As peculiaridades sociais e económicas (4)

- **O clero** acaparaba máis da metade da riqueza agraria
 - O clero regular, os mosteiros obtiñan case todos os seus ingresos a través dos foros que gravaban as súas enormes extensións de terras: Samos, Oseira, San Martiño Pinario...
 - O clero secular, mitras, cabidos, parroquias
 - Ademais de ter tamén rendas forais
 - Recibían grandes cantidades en concepto de décimos, primicias, votos, misas e diversos oficios relixiosos
- **A fidalguía intermediaria** detraía para si un terzo dos ingresos de procedencia agraria
 - A súa fortuna era mediana por mor do seu número: uns 10 000 a mediados do século XVIII
 - **Convertéronse no grupo central da sociedade galega**, grazas a
 - A súa presenza ubicua en todo o territorio
 - Os seus estreitos vínculos familiares co alto clero
 - O seu cuase monopolio das elites ilustradas
 - O seu control sobre os concellos urbanos
 - O seu control sobre a Xunta do Reino de Galicia

3.2. As peculiaridades sociais e económicas (5)

- Os ingresos destes dous grupos de privilexiados non se destinaban á modernización económica da agricultura, do comercio ou da industria
 - Os eclesiásticos gastábanos no autoconsumo, nas esmolas e obras benéficas e, cando podían, na construción suntuaria
 - Os fidalgos, no propio sostemento e en pagar estudos dos fillos
 - Uns e outros dedicaban unha parte non desprezable do seu peculio aos numerosos e inacabables preitos sobre a titularidade de rendas e terras
- **O campesiñado**
 - Era o grupo social máis numeroso: o 80 % da poboación
 - Obtiña en anos normais o xusto para sobrevivir e seguir traballando, agás unha delgada capa de labregos acomodados
 - Cando había malas colleitas chegaban as fames e as débedas
 - A súa soterrada resistencia contra rendas e impostos ás veces estoupa en motíns
 - Salienta o de 1673 no concello de Refoxos contra o mosteiro de Celanova polo aumento da renda dos foros
- En suma, era un **sistema orientado ao estancamento**, que bloqueaba as vías do desenvolvemento económico



Os campesiños máis humildes tiñan só unha xunta de bois para poderen traballar a terra; os máis afortunados podían posuír de quince a vinte cabezas de gando.

Na ilustración amósanse as partes dunha casa de campo galega e da súa parcela.

3.3. O solpor cultural

- Malia a **castelanización imposta pola monarquía**
 - O galego resiste nalgúns redutos culturais, como as Festas Minervais da Universidade compostelá...
 - Polo xeral o galego acaba limitado ás clases sociais inferiores, especialmente ao campesiñado
- Houbo poucos progresos nestes séculos escuros
 - A **fundación da Universidade de Santiago** en 1495 polo notario Lope de Marzoa
 - O florecemento da arquitectura ao servizo das clases dominantes e as grandes institucións
 - Na súa expresión barroca acada cotas moi altas de calidade e orixinalidade
 - Salientan Domingos de Andrade, Casas e Novoa e Simón Rodríguez